



8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Declaración institucional do pleno do Concello de Carballo

INVESTIR NAS MULLERES É ACELERAR O PROGRESO

Como cada ano, este 8 de marzo queremos rememorar, lembrar e reivindicar a significación das múltiples e diversas loitas libradas en favor da consecución dos dereitos que historicamente lles foron usurpados ás mulleres. Loitas que, sen lugar a dúbida, contribuíron ao logro de enormes avances en diversas áreas da vida das mulleres que non serían posibles sen a contribución do movemento feminista.

Foron moitos os avances conseguidos, pero aínda persisten desigualdades entre homes e mulleres, discriminación e a violencia que sofren as mulleres e as nenas polo simple feito de selo.

Moitas empresas apelan á igualdade de xénero a través de distintas estratexias pero as condicións laborais das mulleres seguen as ser peores que as dos homes.

Segue existindo unha grande fenda salarial (12,7% en 2023), unida a maiores taxas de contratos a xornada parcial.

Seguen existindo teitos de cristal e chans pegañentos.

Neste momento de crise, e apoiado polos sectores negacionistas, o patriarcado está buscando discursos nos que se fortalecer.

Para rematar coas desigualdades estruturais entre homes e mulleres, dende o Concello de Carballo, facemos nosas as palabras da ONU Mujeres para este 8 de marzo: Investir nas mulleres é acelerar o progreso.

Realidade que acabamos de ver na I Feira da muller e da nena na ciencia, ou, en marzo de 2023, no encontro de "As mulleres teñen a palabra".

A formación das mulleres e das nenas ten que ser prioritario, xunto co fomento de unha educación libre de estereotipos de xénero.

Dende o pleno do Concello de Carballo adquirimos o compromiso de

- Seguir traballando na sensibilización cidadá, garantindo a existencia de campañas e programas institucionais de concienciación social.
- Reforzar o compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, e incorporar de maneira transversal a perspectiva de xénero a todas as áreas.
- Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar o emprego, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades..